

ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE AMES

Exercicio 2021

MEMORIA DA ALCALDÍA

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2021, cuxo importe ascende a **29.888.817,03 euros**.

O orzamento para 2021 pasa a ser o orzamento mais alto da historia do Concello de Ames, chegando case ao 30 millóns de euros, o que supón unha suba do 9,2% con respecto ao ano anterior e que evidencia o compromiso no investimento e desenvolvemento de servizos que presta o Concello. Caracterízase por unha máxima eficiencia dos recursos públicos garantindo a prestación de servizos básicos de conciliación que volven a incrementarse, así como dos servizos sociais, como evidentes compromisos da acción deste Goberno. O incremento da inversión ben garantida pola sustentabilidade orzamentaria e financeira que garante o cumprimento do pago aos provedores do Concello que prestan os servizos e executan as obras municipais.

Este orzamento acude ao endebedamento tan só para o financiamento dos proxectos Europeos obtidos. Precisamente, a obtención dunha nova subvención Europea, a través do IDAE, para investimento en eficiencia enerxética integramente no rural, é un dos proxectos estrela que se contempla neste orzamento e que se suma ao proxecto Impulsa-Ames (DUSI) que ao longo desta anualidade terá un impulso destacable coa posta en marcha de moitas das operacións contempladas, con actuacións dirixidas á cidadanía. Así mesmo recóllese unha operación de endebedamento de 550.955,68 euros destinada a manter o nivel de investimentos deste anos.

O Orzamento responde aos obxectivos e actuacións que fundamentan a mellora dos servizos sociais, especialmente os destinados a facer fronte aos mais necesitados co incremento notable das partidas de Servizo de axuda no fogar e da renda básica municipal. Os servizos públicos básicos de conciliación, benestar social, promoción deportiva, cultural e económica, terán un impulso nesta anualidade, adaptándose ás características da situación actual e da poboación Amesá, na que se fai precisa a adopción de políticas proactivas que impulsen a recuperación empresarial e unha ampla cobertura social.

Unha vez mais, no orzamento de 2021, o quinto consecutivo no Concello, o capítulo de persoal terá un reforzo considerable cunha partida que se verá incrementada pola subida salarial e a dotación de crédito especial para políticas de persoal, á falta dunha flexibilización da taxa de reposición que impide o incremento necesario do plantel municipal que demanda un Concello como o de Ames onde a poboación está en continuo crecemento, ao igual que os servizos.

Na presente Memoria explícanse as principais características do orzamento, así como as modificacións máis importantes introducidas respecto ao anterior.

Orzamento de gastos:

GASTOS	2020	2021	Diferenzas	% total con respecto a 2020
CAPÍTULO 1.- Gastos do Persoal	8.876.743,74 €	9.331.569,90 €	454.826,16	5,12%
CAPÍTULO 2.- Gastos correntes en bens e servizos	12.023.726,53 €	12.841.654,32 €	817.927,79	6,80%
CAPÍTULO 3.- Gastos financeiros	4.000,00 €	10.623,31 €	6.623,31	165,58%
CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes	1.243.458,99 €	1.383.820,46 €	140.361,47	11,29%
CAPÍTULO 5.- Fondo de Contixencia	42.342,52 €	- €		100,00%
Gastos correntes	22.190.271,78 €	23.567.667,99 €	1.377.396,21	6,21%
CAPÍTULO 6.- Investimentos reais	5.113.793,21 €	6.164.303,64 €	1.050.510,43	20,54%
CAPÍTULO 7.- Transferencias de capital	- €	7.800,00 €	7.800,00	0
Gastos de capital	5.113.793,21 €	6.172.103,64 €	1.058.310,43	20,70%
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	27.304.064,99 €	29.739.771,63 €	2.435.706,64 €	8,92%
CAPÍTULO 8.- Activos financeiros	12.000,00 €	12.000,00 €	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros	54.624,83 €	137.045,40 €	82.420,57	0,00%
Gastos Financeiros	66.624,83 €	149.045,40 €	82.420,57	123,71%
TOTAL GASTOS	27.370.689,82 €	29.888.817,03 €	2.518.127,21	9,20%

Orzamento de ingresos

INGRESOS	2020	2020	Diferenzas	% total
CAPÍTULO 1.- Impostos directos	8.342.752,88 €	8.572.423,63 €	229.670,75	28,68%
CAPÍTULO 2.- Impostos indirectos	390.000,00 €	650.000,00 €	260.000,00	2,17%
CAPÍTULO 3.- Taxas e outros ingresos	6.737.542,85 €	6.783.959,44 €	46.416,59	22,70%
CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes	8.707.892,01 €	9.397.414,07 €	689.522,06	31,44%
CAPÍTULO 5.- Ingresos patrimoniais	74.500,00 €	44.500,00 €	-30.000,00	0,15%
Ingresos correntes	24.252.687,74 €	25.448.297,14 €	1.195.609,40 €	85,14%
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	26.673.744,86 €	- €	2.215.176,16 €	96,65%
CAPÍTULO 6.- Alleamento de investimentos reais	- €		0,00	0,00%
CAPÍTULO 7.- Transferencias de capital	2.421.057,12 €	3.440.623,88 €	1.019.566,76	11,51%

INGRESOS	2020	2020	Diferenzas	% total
Ingresos de capital	2.421.057,12	28.888.921,02	1.019.566,76	11,51%
CAPÍTULO 8.- Activos financeiros	12.000,00 €	12.000,00 €	0,00	0,04%
CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros	684.944,96 €	987.896,01 €	302.951,05	3,31%
Ingresos Financeiros	696.944,96	999.896,01	302.951,05	3,35%
TOTAL INGRESOS	27.370.689,82	29.888.817,03	2.518.127,21	9,20%

Neste orzamento de 2021 prodúcese un incremento nos ingresos e gastos con respecto ao exercicio 2020 de 2.518.127,21 euros, 9,20% mais.

Este incremento débese, fundamentalmente, á inclusión no orzamento da anualidade do proxecto Impulsa-Ames (DUSI), da financiación do IDAE, así como incrementos en investimentos importantes como as obras de ampliación do pavillón municipal ou do novo comedor do CEIP A Mahía.

Estes orzamentos seguen a apostar pola blindaxe dos servizos sociais incrementado o crédito asignado a esta área á cifra dos **2.595.160,44** euros, o que se repite por segundo ano consecutivo, incrementando o crédito para a Renda Social Municipal, á vez que se incrementa a partida de crédito no Servizo de Axuda no Fogar. Este incremento (359.849,17 euros con respecto a 2020) súmase á forte aposta do equipo de goberno polo mantemento, mellora e ampliación dos servizos municipais que xa se viñan prestando, como é o caso de axuda no fogar na modalidade de dependencia, que incrementa un 20% as horas previstas de contrato, ou o transporte adaptado de prestación integramente municipal.

Recóllese tamén un forte esforzo inversor neste exercicio, de forma que o capítulo de investimentos ascende a 6.164.303,64 € euros, o que mantén a aposta inversora do ano pasado que xa superaba os 5 millóns de euros co obxectivo de realizar importantes melloras nas infraestruturas e servizos que se detallan no anexo de investimentos, entre as que destacan as melloras das redes de saneamento, abastecemento e pluviais, investimentos en camiños veciñais do rural, obras de pavimentación e urbanización de vías públicas, investimento en proxectos de mellora de eficiencia enerxética, obras destinadas á mellora da accesibilidade, acondicionamento de espazos múltiples, obras en infraestruturas deportivas, investimento en promoción turística, en promoción da actividade empresarial e investimentos no rural.

Polo tanto estamos ante un orzamento que crece respecto ao 2020 por encima do 9,20% con un claro esforzo inversor onde se incrementa a partida de gastos mellorando e incrementando os servizos municipais e onde as taxas e prezos públicos se manteñen (ou mesmo se reducen nalgúns casos) sen que se produza un incremento nos tipos impositivos salvo incrementos que responden a evolución normal dos servizos. O incremento das previsións de ingresos débese fundamentalmente á subida do imposto de bens inmobles, chegando ao mesmo valor que nos anos 2012-2015, o cal permite levar a cabo unha aposta polos servizos sociais e educativos de conciliación, ademais de afrontar os gastos extraordinarios derivados da situación Covid, principalmente en limpeza e material de protección. Tamén a evolución dos distintos impostos, o incremento dos usuarios nos distintos servizos, as actuacións vinculadas ao proxecto DUSI-Impulsa Ames e a boa xestión na obtención de fondos de distintas administracións, elevan a cantidade de ingresos.

Non obstante, parte das cuestións abordadas nesta memoria figuran recollidas tamén -e en ocasións ampliadas- no Informe económico-financiero que figura no expediente.

1. EN RELACIÓN AOS INGRESOS

Respecto aos ingresos neste exercicio mantense o tipo impositivo do IBI respecto ao 2020 e mantéñense os tipos impositivos do resto dos impostos municipais. A suba da recadación débese ao incremento de usuarios e non á modificación dos porcentaxes de aplicación, e a diferenza con respecto ao 2020 é do 3%.

	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2020	ORZAMENTO 2021	DIFERENZAS	
112.00	IBI rústica	12.000,00	11.612,75	-387,25	-0,03
113.00	IBI urbana	6.394.942,00	6.560.000,00	165.058,00	0,03
114.00	IBI características especial es	810,88	810,88	0,00	0,00
115.00	IVTM	1.150.000,00	1.180.000,00	30.000,00	0,03
116.00	IIVTNU	395.000,00	450.000,00	55.000,00	0,14
130.00	IAE	390.000,00	370.000,00	-20.000,00	-0,05
	CAPÍTULO 1	8.342.752,88	8.572.423,63	229.670,75	0,03

No que respecta os **impuestos indirectos** pode observarse un incremento notable nas previsións iniciais do Imposto de construcións instalacións e obras debido ao importante avance ao longo do pasado ano en proxectos de calado que verán a luz ao longo do 2021.

Polo servizo de urbanismo infórmase que no exercicio 2021 tense previsto a concesión de distintas licenzas de proxectos importantes tales como as licenzas de construción de bloques de vivendas no S15 ou na contorna do Paseo fluvial de Bertamiráns, así como a posta en marcha de novas Residencias de iniciativa privada no Milladoiro. Dita previsión do servizo ascende a 726.345,29 euros. En base ao anterior consignáronse no orzamento 650.000 euros , tendo en conta ademais os expedientes de inspección.

	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2020	ORZAMENTO 2021	DIFERENZAS	%
290.00	ICIO	390.000,00	650.000,00	260.000,00	0,67%

No que respecta ás **taxas e prezos públicos**, fonte de financiamento dos principais servizos municipais, con respecto ao exercicio 2020, pode observarse un incremento nas previsións iniciais de un 0,01%. A crise da COVID-19 está incidindo na recadación de taxas e prezos públicos de distintos servizos, que no último ano se tiveron que suspender en distintas ocasións. Si ben anualmente as taxas tiñan un comportamento positivo debido ao continuo crecemento dos usuarios, neste exercicio baixan os usuarios e en algúns casos o concello ten que proceder á devolución de ingresos por actividades suspendidas.

	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2020	ORZAMENTO 2021	DIFERENZAS	%
300.01	Taxa enganche	15.000,00	14.000,00	-1.000,00	-0,07
311.00	Taxa SAF	89.996,85	86.000,00	-3.996,85	-0,04
325.00	Taxa expedición de documentos	12.000,00	9.000,00	-3.000,00	-0,25
329.00	Taxa por apertura establecementos	25.000,00	18.000,00	-7.000,00	-0,28
338.00	Compensación de telefónica de España S.A.	78.000,00	57.000,00	-21.000,00	-0,27
339.00	Taxa mercadiños	11.097,96	0,00	-11.097,96	-1,00
339.02	Taxa mesas e cadeiras	30.000,00	4.726,44	-25.273,56	-0,84
339.03	Taxa vodas civís	2.000,00	1.700,00	-300,00	-0,15
342.00	Prezo público activ. Educativa	78.000,00	60.000,00	-18.000,00	-0,23
343.00	Prezo público instalacións deportivas municipais	35.000,00	8.000,00	-27.000,00	-0,77
343.02	P. Publico Escolas Deportivas	72.000,00	27.000,00	-45.000,00	-0,63
349.01	P. Publico Programa Actividades culturais	15.000,00	5.000,00	-10.000,00	-0,67
349.02	Prezo público EMMA	75.235,00	63.988,00	-11.247,00	-0,15
349.04	Prezo público actividades de Medio Ambiente	36.500,00	20.000,00	-16.500,00	-0,45
			Totais	-200.415,37	

O incremento no **capítulo III** responde á evolución positiva dos seguintes ingresos:

	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2020	ORZAMENTO 2021	DIFERENZAS
300.00	Taxa subministro de auga	1.491.000,00	1.545.000,00	54.000,00
301.00	Taxa de saneamento	1.089.964,48	1.115.000,00	25.035,52
321.00	Taxa actividades urbanísticas	98.316,00	100.000,00	1.684,00
329.01	Taxa licencias taxi	0,00	280,00	280,00
329.02	Taxa actividade administrativa cemiterio	0,00	790,00	790,00
331.00	Taxa por entrada de vehículos a través da vía pública	95.000,00	139.436,14	44.436,14
332.00	Taxa aproveitamento especial empresas explotad.servizos de subministrados	325.000,00	360.000,00	35.000,00
333.00	Taxa utilización privativa telecomunicacións	32.000,00	35.000,00	3.000,00
339.01	Outras taxas utiliz privativa	0,00	7.300,00	7.300,00
339.04	Taxa caixeiros	5.679,04	7.808,68	2.129,64
349.00	P.Público actividades xuvenís.	15.000,00	15.200,00	200,00
349.05	Prezo público cemiterio	0,00	2.595,66	2.595,66
391.10	Multas por infraccións Tributarias	25.000,00	36.000,00	11.000,00
391.20	Multas por infraccións circulación	150.000,00	150.000,00	0,00
391.90	Outras multas e sancións	0,00	36.000,00	36.000,00
393.00	Xuros de demora	40.000,00	44.000,00	4.000,00
393.00	Xuros demora liquidación UTE		32.581,00	32.581,00
399.00	Outros ingresos diversos	0,00	18.000,00	18.000,00
			Totais	278.031,96

Polo tanto o capítulo III supón un pequeno incremento con respecto a 2020 dun 1%.

	ORZAMENTO 2020	ORZAMENTO 2021	DIFERENZAS	% VARIACIÓN CON RESPECTO A 2020
CAPÍTULO 3	6.737.542,85	6.783.959,44	46.416,59	0,01

Por outra banda, amósase un incremento das **transferencias correntes** con respecto ao exercicio 2020 debido a que neste exercicio o importe orzamentado na participación de tributos do Estado realizouse sobre as entregas de 2019 que se viron incrementadas no último trimestre do exercicio 2020. Prodúcese un incremento nas previsións de transferencias da Administración da Comunidade Autónoma, fundamentalmente polo incremento previsto na subvención do Plan Concertado para 2021. Así mesmo recóllese o importe da subvención IDAE, ademais doutras actuacións deste equipo de goberno que amosan a maior capacidade negociadora para conseguir captar maiores recursos doutras administracións.

No que se refire ás transferencias da Deputación Provincial, concretamente no Plan Provincial de Obras e Servizos (POS+ 2021) dunha contía total de 1.272.459,80 euros, destínase neste exercicio un importe que ascende a 306.290,04 euros a gasto corrente (achega extraordinaria gastos sociais Covid-19), que responde aos cambios no funcionamento e financiamento do POS que xa tiveron lugar nas anualidades anteriores.

Os principais **investimentos** (Capítulo VI) previstos neste orzamento de 2021 por importe de 6.164.303,64 euros estarían financiándose a través do capítulo VII de ingresos, que se corresponden coas subvencións de capital do POS + 2021 (1.150.395,61 euros), fondos europeos da DUSI-Impulsa Ames (1.266.448,41 euros), fondos do IDAE para mellora de alumeado no rural (925.517,60 euros) e fondos AGADER (31.963,26 euros).

Destacar o importe dos investimentos vinculados ao Ciclo Integral da Auga, que neste exercicio ascenden a 500.000 euros. Algunhas das actuacións xa se atopan detalladas no anexo de investimentos e outras serán aprobadas polo Pleno da Corporación ao longo do exercicio.

En canto ao financiamento de **investimentos** por **operacións financeiras** contéplanse varias obras por importe total de 550.955,68 euros, cuxo financiamento responde a un préstamo, e actuacións do proxecto DUSI-Impulsa Ames por importe de 1.583.060,51 euros, cofinanciadas con fondos propios nun 20% polo que se acude a unha operación de endebedamento de 316.612,10 euros.

Polo tanto, neste exercicio o **endebedamento** municipal con entidades financeiras responde á achega municipal obrigatoria para os proxectos de investimento do DUSI-Impulsa Ames e que son os seguintes:

DENOMINACIÓN PROXECTO	Custe Total	IMPORTE PREVISTO 2021
DUSI. Creación de unha améndoa central	1.347.803,83	839.105,97
DUSI. Rehabilitación de un edificio público como vivenda social	94.113,67	94.113,67
DUSI. Posta en Marcha Transporte Municipal sostible entre Bertamiráns e Milladoiro	696.341,00	649.840,87

Así mesmo contémpanse unha operación de préstamo coa Deputación Provincial que ascende a 120.328,23 euros responde unicamente a amortización anticipada do préstamo DUSI 2018.

2. EN RELACIÓN AOS GASTOS.

O estado de gastos para 2021 amosa unha aposta pola mellora e mantemento dos servizos que se veñen prestando e a ampliación e incorporación de novos servizos incrementando o crédito asignado a cada unha das áreas, en especial a área de servizos de asistencia social e promoción social, así como nas áreas educativa (comedores, servizos de conciliación), benestar social e promoción da saúde, urbanismo, incrementando claramente este concello o seu esforzo inversor.

En canto aos gastos de **persoal** (capítulo I) o crédito total asignado a persoal sitúase nos 9.331.569,90 € euros, o que amosa a aposta clara polo reforzo no emprego público, no que a estabilización será un factor clave. Consignase crédito para creación de postos que reforcen os servizos estruturais do concello e continúaase reforzando con persoal programas como o Plan Reactiva e o Programa da DUSI.

O presente orzamento recolle o incremento salarial previsto na Lei de orzamentos xerais do estado para 2021 que supón un 0,9% de incremento, así mesmo inclúense os gastos correspondentes ás últimas modificacións da RPT tramitadas e que o Goberno leva realizando en política de recursos humanos nos últimos cinco anos.

O importe do Capítulo I mantense con respecto ás retribucións previstas para 2020 nas partidas para gratificacións, horas extras, complementos de festividade e nocturnidade ou fondo social, e consignando dentro do importe deste capítulo I un crédito para facer fronte a adecuacións retributivas singulares por modificacións na RPT, sempre e cando sexa posible. Dito importe ascende a 30.000€ .

Prevese a contratación temporal de persoal para continuar con programas concretos como o Plan Reactiva Ames e a EDUSI, e aquelas que respondan a necesidades urxentes ou inaprazables en servizos prioritarios ou programas concretos subvencionados. En calquera caso, consignase crédito para atender a contratacións temporais derivadas de programas temporais e tamén se recolle unha bolsa para posibles substitucións de 50.000 euros.

O capítulo I supón un 0,312% do orzamento total, a porcentaxe sitúase na liña dos últimos dous orzamentos.

A estrutura retributiva no orzamento no capítulo 1 para 2021 queda establecida da seguinte maneira:

Gastos de persoal	Importe
Anexo de funcionarios	2.399.641,96
Anexo de funcionarios por programas	213.990,18
Anexo persoal laboral fixo	3.364.197,89
Anexo persoal laboral temporal	115.369,29
Anexo persoal eventual	140.095,34
Anexo órganos de Goberno	400.443,50
Bolseiros	1.250,00
Substitucións de persoal	50.000,00
Negociación segunda fase da RPT (adecuacións retributivas singulares)	30.000,00
Atrasos persoal	45.579,74
Creación posto adxunto	48.788,53
Compensación Policía festivos e nocturnos	135.000,00
H.E. Persoal laboral	18.860,00
Gratificacións	49.200,00
Horas Complementarias	5.259,48
Seguros	6.300,00
Fondo de Acción Social	60.000,00
Seguridade Social	2.247.593,99
Total	9.331.569,90

O capítulo II do estado de gastos reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo dos servizos, figurando dotados todos estes compromisos de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento das prestacións.

Así mesmo neste exercicio prevese a licitación do servizo de limpeza viaria que supón un incremento anual no servizo atendendo ao orzamento da licitación de 345.791,96 euros , que permitirá ampliar e mellorar o servizo actual.

As aplicacións que forman este capítulo teñen reflectida as actualizacións contractuais nos casos que procedan por estar así previstas nos PCAPs reguladores do contrato.

Análise funcional do gasto

Área de gasto 1: Comprende esta área todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os municipios. Hai catro políticas de gasto básicas: seguridade e mobilidade cidadá, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e medio ambiente. Os servizos de competencia municipal manterán un alto nivel de calidade e chegarán a máis cidadáns. O obxectivo é unha xestión máis eficiente dos recursos orzamentarios e os seus empregos, priorizándose os empregos e garantindo a calidade e cantidade das prestacións. Aparece aquí recollida a área de gasto de mobilidade con concellería propia e de nova creación nesta lexislatura.

Os servizos públicos básicos que reflicte os servizos de Seguridade e Orde Público, xestión e tratamento de residuos, limpeza viaria, urbanismo, medio ambiente, servizo de alumado, mantemento de parques e xardíns, parques infantís vías públicas, representa 38,97% do gasto do orzamento total, evidentemente, os servizos públicos básicos constitúen a estrutura básica desta entidade, na que se sustentan a totalidade dos servizos fundamentais que se prestan aos cidadáns e reflicten a totalidade dos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Destaca ademais na área de Medio Ambiente a continuación programa de Plan de prevención de incendios que cumpre o cuarto ano de vida.

Área de gasto 2, a constitúen as actuacións de protección e promoción social, na que se inclúen entre outras as de acción social e emprego que supoñen un 10,86% do orzamento. Cabe destacar a forte aposta pola área de gasto de Benestar social, que dará resposta ás necesidades de persoas en risco de exclusión e situación de vulnerabilidade social ofrecéndolle unha contía económica para poder cubrir as súas necesidades, así como facilitar a súa inclusión social.

Dentro desta área sitúase o fomento do emprego, programando distintos obradoiros no centro de emprego e programas integrados, que permiten manter e mellorar as políticas sociais de emprego que inciden directamente na sociedade, así como novos investimentos para a mellora da prestación e de axuda aos emprendedores, como é a implantación definitiva do centro colaborativo de coworking, unha aposta para o emprendemento que será apoiada cun programa de asesoramento a empresas e autónomos..

Tamén merece ser destacada a área de gasto 3 na que se encadra educación e servizos complementarios de educación, cultura, mocidade e deporte, que incrementa o crédito asignado respecto do orzamento do 2019 e que representa un 27,67% do orzamento total.

Nos casos das áreas de Cultura, mocidade e Deporte, a aposta polos servizos prestados a través destas áreas move a un gran número de veciñanza, asentándose no calendario de eventos anuais e fomentando a vida no Concello aínda no marco da Covid-19. Estas áreas son xa unha marca de identidade do Concello de Ames como Concello prestador de servizos de calidade.

A área de gasto 4 recolle as políticas en materia de promoción do comercio e o turismo. Cabe destacar a aposta do concello por novas actividades na área de promoción do comercio que contribúen á promoción e desenvolvemento do comercio local e do turismo e pretende dar un impulso a actividade económica no marco do Plan Reactiva Ames para o que se está a facer un esforzo de cara a acadar unha reactivación económica plena.

Nesta área sitúanse as actuacións nas infraestruturas no rural, apostando por unha mellora das infraestruturas e do seu mantemento. Desde o Goberno planifícanse diferentes plans de actuación no Rural, como son; o Plan de interiores, o Plan de senda, o Plan de Saneamento e abastecemento, o Plan de Obras e o Plan de limpeza no rural. Esta área supón un 6,98% do orzamento total.

ÁREA	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS	PORCENTAXE %
0	DÉBEDA PÚBLICA	140.045,40	0,47%
1	SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS	11.647.803,01	38,97%
2	ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL.	3.244.592,12	10,86%
3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE.	8.271.236,84	27,67%
4	ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	2.084.879,04	6,98%
9	ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	4.500.260,62	15,06%
	TOTAL	29.888.817,03	100,00%

A táboa que se amosa a continuación, reflicte as contías dotada ás políticas de gasto de acordo ao contido da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, rexistrando tanto a variación porcentual como a contía. A síntese que se fai por políticas de gasto, posibilita facer unha avaliación obxectiva e comprobar cal é o destino final dos recursos públicos:

POLÍTICA	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS	PORCENTAXE %
01	Débeda Pública	140.045,40	0,47%
13	Seguridade e mobilidade cidadá.	1.348.412,80	4,51%
15	Vivenda e urbanismo.	2.520.425,44	8,43%
16	Benestar comunitario.	6.798.632,18	22,75%
17	Ambiente.	980.332,59	3,28%
22	Outras prestacións económicas a favor de empregados.	73.000,00	0,24%

POLÍTICA	DESCRICIÓN	CRÉDITOS INICIAIS	PORCENTAXE %
23	Servizos sociais e promoción social.	2.595.160,44	8,68%
24	Fomento do emprego.	576.431,68	1,93%
31	Sanidade.	69.400,00	0,23%
32	Educación.	5.565.436,51	18,62%
33	Cultura.	1.438.918,36	4,81%
34	Deporte.	1.197.481,97	4,01%
43	Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas.	262.832,74	0,88%
44	Transporte público	649.840,87	2,17%
45	Infraestruturas.	937.867,93	3,14%
49	Outras actuacións de carácter económico.	234.337,50	0,78%
91	Órganos de goberno.	785.859,02	2,63%
92	Servizos de carácter xeral.	2.014.715,17	6,74%
93	Administración financeira e tributaria.	1.311.186,78	4,39%
94	Transferencias a outras administracións públicas.	388.499,65	1,30%
	TOTAL	29.888.817,03	100,00%

En canto os Capítulos III (Gastos financeiros) a IX (Pasivos financeiros) neste exercicio está prevista a amortización préstamo DUSI concertado en 2018, e a amortización anticipada do mesmo préstamo dentro do POS+ 2021. Polo que a débeda viva do concello a 31.12.2020 está formada polos préstamos provinciais para execución de obras executadas en exercicios anteriores e polos préstamos bancarios solicitado para os investimentos da estratexia DUSI Impulsa Ames.

A) Débeda financeira

Débeda Bancaria	Sistema de amortización	Capital inicial	Capital disposto a 31.12.2020	Capital pendente ao inicio do exercicio
Operación 2018-Investmentos DUSI Impulsa-Ames	Terminos amortizativos constantes trimestrais (euribor tres meses diferencial 0,57). Un ano de carencia . Duración 10+1 de carencia	222.895,50 €	222.895,50 €	222.895,50 €

Débeda Bancaria	Sistema de amortización	Capital inicial	Capital disposto a 31.12.2020	Capital pendiente ao inicio do exercicio
Operación 2019-Investmentos DUSI Impulsa-Ames 2019	Terminos amortizativos constantes trimestrais (tipo fixo0,41). Dous anos de carencia	312.127,29 €	€ -	312.127,29 €
Operación 2020-Investmentos DUSI Impulsa-Ames 2020	Terminos amortizativos constantes trimestrais (euribor +0,75). Dous anos de carencia	252.200,00 €		252.200,00 €
				787.222,79 €

B) Outras débedas

Outros préstamos	Sistema de amortización	Capital Solicitado	Capital disposto a 31.12.2020	Capital pendiente ao inicio do exercicio 2021	OPERACIÓNS PROXECTADAS 2021	AMORTIZA	Capital pendiente ao remate 2021
Operación Deputación Provincial de A Coruña PAI 2015	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	294.045,17	294.045,17	294.045,17			294.045,17
Operación Deputación Provincial de A Coruña PAI 2016	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	371.455,80	371.455,80	371.455,80			371.455,80
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2017	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	322.264,48	96.517,92	322.264,48			322.264,48

Outros préstamos	Sistema de amortización	Capital Solicitado	Capital disposto a 31.12.2020	Capital pendente ao inicio do exercicio 2021	OPERACIÓN PROXECTADAS 2021	AMORTIZA	Capital pendente ao remate 2021
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2018	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	379.076,58	225.527,58	379.076,58			379.076,58
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+2019	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	389.415,09	0,00	318.470,35			318.470,35
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+2020	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	432.744,56	4.067,80	432.744,56			432.744,56
		2.189.001,68	991.614,27	2.118.056,94	0,00	0,00	2.118.056,94

C) Débeda prevista orzamento 2021

Débeda Bancaria	Sistema de amortización	Capital inicial
Operación 2021-Investmentos DUSI Impulsa-Ames 2021		316.612,10
Operación Investmentos 2021		550.955,68
Outros préstamos	Sistema de amortización	Capital inicial
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+2021	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	120.000,00

D) Volume de débeda viva e aforro neto

Débeda total proxectada no orzamento 2021	
VOLUME DE DÉBEDA VIVA (*)	Capital pendente ao remate do exercicio
(+) Ingresos correntes previstos 1 a 5	25.448.297,14
(-) Ingresos correntes afectados o extraordinarios	650.000,00
TOTAL INGRESOS CORRENTES A CONSIDERAR:	24.798.297,14
VOLUME DE DÉBEDA VIVA 01/01/2021	2.976.224,47
Préstamos a largo prazo bancarios (1)	787.222,79
Préstamos Provinciais	2.189.001,68
Débeda con el FFPP	0,00
Risco por operacións avaladas	0,00
OPERACIÓNS PROXECTADAS BANCARIAS (2)	867.567,78
PRÉSTAMO PROVINCIAL POS +2021	120.000,00
DÉBEDA VIVA MÁIS OPERACIÓN PROXECTADA	3.963.792,25
% sobre os ingresos correntes	0,1598
DÉBEDA FINANCEIRA A EFECTOS DE AUTORIZACIÓN (1+2)	1.654.790,57
% sobre os ingresos correntes	0,0667

A entidade cumpre o límite de débeda.

3.- AFORRO NETO	2021
A.- Previsións iniciais por operacións correntes	24.798.297,14
<i>Impostos directos</i>	8.572.423,63
<i>Impostos indirectos</i>	650.000,00
<i>Taxas e outros ingresos</i>	6.783.959,44
<i>Transferencias correntes</i>	9.397.414,07
<i>Ingresos patrimoniais</i>	44.500,00
Axuste ingresos non recorrentes	-650.000,00
	Orzamento 2021
B.- Obrigas recoñecidas por gastos correntes.	23.557.044,68
<i>Gastos de persoal</i>	9.331.569,90

Axuste ICIO
licenzas non
recorrentes

Gastos en bens correntes e servizos	12.841.654,32
Transferencias correntes	1.383.820,46
Aforro bruto (A-B)	1.241.252,46
Anualidade teórica de amortización (ATA)	306.929,85
Aforro neto	934.322,61

En canto ao capítulo IV e VII destinado a **transferencias e subvencións**, a cantidade final ascende a 1.391.620,46 € euros, distribuídos da seguinte maneira:

Total 135	PROTECCIÓN CIVIL	17.000,00
Total 311	SANIDADE	3.000,00
Total 338	FESTAS POPULARES Y FESTEXOS	8.250,00
Total 341	PROMOC. E FOMENTO DEPORTE	137.800,00
Total 432	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA	7.000,00
Total 912	ÓRGANOS DE GOBERNO	31.200,00
Total 920	ADMINISTRACIÓN XERAL	23.200,00
Total 941	TRANSF. A COMUN. AUTONOM	328.499,65
Total 942	TRANSFERENCIAS CONCELLOS	60.000,00
Total 1728	PLAN MUNICIPAL PREVENCIÓN INCENDIOS	13.000,00
Total 2311	ASISTENCIA SOCIAL	358.310,69
Total 2312	PROMOCIÓN SOCIAL	70.450,55
Total 2411	FOMENTO EMPREGO	124.009,57
Total 3261	SERV. COMPLEM. EDUCACIÓN	47.500,00
Total 3321	BIBLIOTECAS PUBLICAS	1.000,00
Total 3341	PROMOCIÓN CULTURAL	75.000,00
Total 3343	SERVIZO NORMALIZAC. LINGÜÍSTICA	24.400,00
Total 4314	PROMOCIÓN ACTIVIDADE COMERCIAL	44.000,00
Total 4911	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	18.000,00
		1.391.620,46

O goberno continúa ca liña iniciada en 2017 de eliminación das subvencións nominativas apostando pola concorrència competitiva, salvo nos casos excepcionais debidamente xustificadas. Con esta medida garántese que todas as entidades teñan as mesmas oportunidades de concorrer ás axudas e non se establezan diferenzas que poderían menoscabar e prexudicar a algunhas entidades en detrimento doutras.

Recóllense distintas liñas de subvencións e márcase neste ano o obxectivo de regularizar as convocatorias de anos anteriores de acordo co borrador de Plan Estratéxico de subvencións para o período 2020-2023 que debe ser modificado. O importe para o presente orzamento pasa a ser o mais alto da serie histórica, incrementándose un 11,3% con respecto ao ano pasado, e en mais dun 41% con respecto a hai unha década, o que amosa o firme compromiso do Goberno coas entidades do noso Concello.

En canto o capítulo de **investimentos (VI)**, este orzamento alcanza a cifra mais alta dos últimos orzamentos cun importe de **6.164.303,64** euros, e os investimentos contemplados son os seguintes:

PROGRAMA	ECONÓMICA	AREA DE GASTO	DENOMINACIÓN PROXECTO	IMPORTE PREVISTO 2021
133	62600	ORDENACIÓN DEL TRÁFICO Y DEL ESTACIONAM.	PDA -Policía	18.500,00
134	61900	MOBILIDADE URBANA	Subministro de sinais, sinalización vertical e horizontal, espellos, pintados, peóns, balizas iluminadas	25.000,00
134	62500	MOBILIDADE URBANA.	Vinilos nas sinais de radar, placas horarias, columnas sinais de tráfico, columnas multiservicio Bicis	20.000,00
151	62700	URBANISMO: PLANEAM. XESTIÓN,	Modificación puntuais PXOM.	12.000,00
151	62700	URBANISMO: PLANEAM. XESTIÓN,	Modificación puntuais PXOM.	29.282,00
151	62700	URBANISMO: PLANEAM. XESTIÓN,	Cartografía do Concello de Ames	80.000,00
1532	61900	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS	Arranxos beirarrúas en distintos núcleos	30.000,00
1532	60900	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS	Redacción Proxectos e dirección de obras	23.000,00
1532	60900	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS	Mellora de accesibilidade da accesibilidade no percorrido de conexión entre a Rúa do Rego e a Travesía do Porto no Milladoiro	107.827,83
1532	60900	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS	Reurbanización Horta de Abaixo	281.080,08
160	60900	SANEAMENTO	Plan de Obras. Ciclo Integral da Auga	500.000,00
160	60900	SANEAMENTO	Liquidación da obra Mellora de viario interior en Biduido.	4.542,92

PROGRAMA	ECONÓMICA	AREA DE GASTO	DENOMINACIÓN PROXECTO	IMPORTE PREVISTO 2021
160	60900	SANEAMENTO	Liquidación obra Saneamento en Suevos e Sorribas. POS+ 2019.	7.381,00
165	61900	ALUMEADO PÚBLICO	Achega municipal obras de mellora da eficiencia enerxética Milladoiro. POS 2017	16.714,77
165	62300	ALUMEADO PÚBLICO	Reposición de farolas en distintos lugares do concello	20.000,00
171	61900	PARQUES E XARDÍNS	Reposición mobiliario parques infantís bolsa repostos	12.500,00
171	62400	PARQUES E XARDÍNS	Tractor para traballos de xardinería	40.000,00
171	60900	PARQUES E XARDÍNS	Obras de melloras no Anfiteatro do Milladoiro. Orzamentos participativos 2020	40.000,00
1729	60900	OUTRAS ACTUAC.PROTECC.MEDIO AMB.	Sinalización de Rutas de Sendeirismo	10.000,00
1729	62300	OUTRAS ACTUAC.PROTECC.MEDIO AMB.	Maquinaria servizo de medioambiente (Desbrozadoras, motoserres, sopladores,etc. A	6.000,00
2311	62900	ASISTENCIA SOCIAL	Libros punto de igualdade	500,00
2411	62300	FOMENTO EMPREGO	Adquisición de maquinaria para o Centro Formación Ocupacional (2 desbrozadoras e 1 motoserra para o Obradoiro Forestal)	3.000,00
2411	63200	FOMENTO EMPREGO I	Reforma Centro Formación Ocupacional (Terraza, cuberta, sala caldeiras, etc)	40.809,68
2411	62600	FOMENTO EMPREGO	Equipos comunicación coworking	10.000,00
2411	62500	FOMENTO DO EMPREGO	Mobiliario coworking	32.391,70
3232	63200	ESC.INF.MUN.BERTAMIRANS	Achega municipal subvención nominativa Deputación reparación fachada e cuberta escola infantil O Bosque	26.920,40
3232	62900	ESC.INF.MUN.BERTAMIRANS	Material didáctico	5.000,00
3233	62900	ESC.INF.MUN.MILLADOIRO	Material didáctico	5.000,00
3262	63300	REDE MUNIC.COMEDOR.ESCOL.	Maquinaria Comedores	8.000,00
3262	62200	REDE MUNIC.COMEDOR.ESCOL.	Obra Comedor Escolar CEIP a Maía	305.825,55
3321	62900	BIBLIOTECAS PÚBLICAS	Libros Bibliotecas	4.000,00
3321	62900	BIBLIOTECAS PÚBLICAS	Reforma na biblioteca de Milladoiro: bebeteca, zona xuvenil	8.000,00
3341	63200	PROMOCIÓN CULTURAL	Obras de reforma ENMA	9.000,00
3341	62900	PROMOCIÓN CULTURAL	Instrumentos musicais escolas de música	4.500,00
3341	62900	PROMOCIÓN CULTURAL	Equipamento climatización e colocación de	9.000,00

PROGRAMA	ECONÓMICA	AREA DE GASTO	DENOMINACIÓN PROXECTO	IMPORTE PREVISTO 2021
			proxeutor casas de Cultura	
3341	63300	PROMOCIÓN CULTURAL	Instalación da climatización na aula CEMIT da casa da Cultura de Bertamiráns	7.260,00
3342	62200	XUVENTUDE .	Reparacións no local A Factoría	6.000,00
336	61900	PROTEC.E XESTIÓN PATRIM.HIST-ART.	Achega municipal subvención nominativa das obras de Rehabilitación da Ponte Cabirta	9.000,00
342	60900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Liquidación Rehabilitación área deportiva de Bertamiráns. POS+ 2019.	8.069,19
342	61900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Postes de volei	800,00
342	62200	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Intalación de luces led nos pavillóns municipais	7.000,00
342	62200	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Obras de mellora nas instalacións Atletismo	42.000,00
342	62500	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Mobiliariodistintas pistas deportivas	10.000,00
342	62500	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Canastas e porterías pistas descubertas	5.000,00
342	62900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Círculos de patinaxe	2.000,00
342	62900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Material escolas deportivas	3.000,00
342	62900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Reurbanización área Deportiva Bertamiráns	46.386,00
342	62900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.	Investimentos skate	40.000,00
342	62200	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Redacción Proxectos e Direccións obra Pos	4.000,00
342	62200	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	Mellora acústica polideportivo Milladoiro. Pos 2021	66.535,12
4311	62900	FEIRAS	Obras de ampliación mercado de Bertamiráns	5.000,00
4314	62600	PROMOCIÓN ACTIVIDADE COMERCIAL	Achega municipal compra pantallas proxecto "Ames Comercio Dixital"	14.598,89
432	60900	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA	Monumento Peregrino Milladoiro	12.000,00
432	60900	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA	Acondicionamento Área Augapesada-Camiño Fisterra	8.000,00
453	62500	ESTRADAS	Mobiliario Urbano Marquesiñas	8.000,00
453	61900	ESTRADAS	Obras de mellora de estradas no rural	25.000,00
453	60900	ESTRADAS	Liquidación obra Pavimentación vial estrada Deputación-Framán-Eirapedriña. POS+ 2019.	4.253,02
453	60900	ESTRADAS Investimentos	Redacción Proxectos e dirección obras Pos	17.500,00
453	60900	ESTRADAS	Acondicionamento estrada de Vilar a Quintáns	125.073,25
453	60900	ESTRADAS	Pavimentación estrada Eirapedriña. POS 2021	162.708,24
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS	Obras de mellora de camiños no rural	31.965,61
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS	Liquidación obra Reparación camiño Castelo a	4.721,67

PROGRAMA	ECONÓMICA	AREA DE GASTO	DENOMINACIÓN PROXECTO	IMPORTE PREVISTO 2021
			Vilar (Ames). POS+ 2019.	
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS	Liquidación obra Camiño Quistiláns-Costoia. POS+ 2019.	2.438,95
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Inversión de reposición	Plan mellora Camiños 2020 Lote1: Camiño Condomiña Depuradora 2021	8.288,55
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Inversión de reposición	Plan mellora Camiños 2020 Lote 2: Camiño Pontanxil A Carballo	9.939,66
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Inversión de reposición	Plan mellora Camiños 2021 Camiño de Suevos a Miso Plurianual	23.447,38
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS	Orzamentos Participativos 2020 Mellora da seguridade viaria no Rural.	120.000,00
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS	Redacción Proxectos e Dirección Obras Pos	14.000,00
454	60900	CAMIÑOS VECIÑAIS	Pavimentación de Interiores en Pedras POS 2021.	76.887,08
454	60900	CAMIÑOS VECIÑAIS	Melloras de Acceso a Trasmonte POS 2021.	156.527,97
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS	Liquidación obras Camiño de Foxos Lugar de Ventosa	16.416,55
4911	62200	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN RADIO	Material Ames radio Adquisición de pantallas.	2.500,00
4911	62700	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN RADIO	Actualización portal de transparencia e a subida de datos ao mesmo	3.500,00
920	62900	ADMINISTRACIÓN XERAL	Dixitalización arquivo urbanismo	18.000,00
926	62600	COMUNICACIÓNS INTERNAS	Equipos informáticos pantallas ordenadores, proxector, equipos CPD.	30.000,00
926	62300	COMUNICACIÓNS INTERNAS	Megafonía e acondicionamento técnico do salón de plenos	15.000,00
926	62700	COMUNICACIÓNS INTERNAS	Auditoría ENS	8.261,00
933	62200	PATRIMONIO MUNICIPAL.	Obras reforma locais en alugueiro praza concello: 48.000 € e locais aluguer actividades:20.000€	68.000,00
933	62700	PATRIMONIO MUNICIPAL. Proxectos complexos	PRÉSTAMO 2021. Contratación da actualización, por fases, do inventario municipal con xeorreferencias no núcleo urbano, rural e rústico	18.000,00
933	62200	PATRIMONIO MUNICIPAL Reparacións e Mellora Casa Cultura Bertamiráns	Redacción Proxecto e dirección obras Pos	11.000,00
933	62200	PATRIMONIO MUNICIPAL	Reparacións e Mellora Casa Cultura Bertamiráns POS 2021.	175.492,07

As 81 actuacións programadas de investimento repártense entre todas as áreas do Concello. Destacan entre os mesmos os traballos previos en cartografía dixital para a posta en marcha dun novo Plan Xeral, numerosas obras no rural, a dixitalización do arquivo, investimentos en novas a reforma do local de emprego de Aldea Nova, actuacións en materia de mobilidade e cultura, así como as obras do Ciclo integral da auga e os estudos de modificacións puntuais do PXOM, entre outros.

O coeficiente de investimentos financiados con recursos propios nos estados consolidados, representa un 31% da totalidade dos crédito consignado neste capítulo.

IMPORTE PREVISTO 2021	FINANCIAMENTO 2021		
	CONCELLO	PRÉSTAMO	ACHEGAS FINALISTAS
6.164.303,64	1.922.411,06	867.567,78	3.374.324,80
%	0,31	0,14	0,55

Conclusiones:

O proxecto de orzamentos que se presenta supera a cifra dos 29 millóns de euros e garante un compromiso no investimento e desenvolvemento de servizos claves para o Concello. O equilibrio e a sustentabilidade das contas acádanse cun maior esforzo económico no ámbito social, educativo e no benestar social, coa máxima eficiencia dos recursos públicos e garantindo a prestación de servizos básicos. O incremento na inversión, cunha dedicación do 18,7% do orzamento, fixa a aposta polo desenvolvemento urbano, e en especial, no rural, nun escenario de débeda en mínimos e de financiamento Europeo cos Plans Impulsa Ames da DUSI e de eficiencia enerxética co IDAE.

Acádase así o cumprimento dos obxectivos e políticas de mellora dos servizos públicos municipais, na procura dunha mellor calidade na prestación dos mesmos, sen a necesidade dun incremento de taxas e impostos e cun incremento de infraestruturas que se demandan desde a cidadanía polo continuo crecemento poboacional que segue a estar presente no noso Concello, lográndose unha estabilidade económica e de xestión para a prestación de todos os servizos.

O Alcalde.

José M. Miñones Conde



POSTO DE TRABALLO:
Alcalde

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2C52E493CE2B6A146A4

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
02/03/2021 EEEB03F6990B036D79D504E47E4EC7C1E